


edición

7-11
outubro
2025



Semana do cinema galego e portugués

PONTES

Museo MARCO _ Sede da Deputación de Vigo _ Cines Tamberlick

ORGANIZA



FINANCIÁ



Deputación
Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA

APOIA



Longametraxe PORTUGAL

7 OUTUBRO // 19:00h // Museo MARCO

A BELA AMÉRICA

PORTRUGAL / FICCIÓN / 2023 / 102' ESTREA EN GALICIA



Lucas, decidido a ascender socialmente, entra en segredo na casa dunha celebridade para cociñarlle cada noite. O que comeza como unha estratexia ambiciosa convértese nunha observación íntima sobre clase, desexo e as barreiras invisibles que separan mundos próximos pero afastados.

- » Nominada na sección "Panorama Internacional - Perspectiva Internacional" do Festival Internacional de Cine de São Paulo (2023)
- » Selección oficial e nominada a Mellor Película no Festival Caminhos do Cinema Português de Coimbra (2023)



DIRECCIÓN:
António Ferreira



Bloque curtas 'Ventura'

8 OUTUBRO // 19:00h // Sede da Deputación Vigo

CALY

MOZAMBIQUE / FICCIÓN / 2024 / 38' ESTREA EN ESPAÑA

DIRECCIÓN: ALCY CALUAMBA



Caly é un thriller sobre un pai que, coa axuda dun amigo, inicia unha perigosa misión para rescatar á súa filla secuestrada. Traizóns inesperadas, acción intensa e emoción profunda mestúranse nunha viaxe que explora o amor paterno, a lealdade e os límites da redención.

TEMPO DE SORRIR

PORTUGAL / DOCUMENTAL / 2025 / 12' ESTREA EN GALICIA

DIRECCIÓN: JONAS AMARANTE



En Belém, Lisboa, os turistas sorrín fronte aos monumentos sen cuestionar o que estes esconden. O filme desmonta a aparente inocencia do turismo para revelar reflexións sobre colonialismo, inmigración e identidade, cuestionando as tensións históricas que perduran no presente.

Bloque curtas 'Ventura'

8 OUTUBRO // 19:00h // Sede da Deputación Vigo

CORDÃO DE PRATA

BRASIL / FICCIÓN / 2025 / 23' ESTREA EN GALICIA

DIRECCIÓN: GETULIO RIBEIRO



En 1985, no fin da ditadura brasileira, Brilhante, un “capitán do mato” moderno, xoga coa súa vítima antes de matala. A historia, situada nun Brasil en transición democrática, revela como a violencia estrutural e a impunidade permanecen vivas, reflectindo que o pasado autoritario segue presente nas rúas e nas conciencias.

UN CAN GALEGO

GALICIA / FICCIÓN / 2025 / 9'

DIRECCIÓN: ISIS ACEA



Un chien galicien segue a unha moza que, en plena crise adolescente, afronta a mortalidade e a procura da identidade. Con estética surrealista e espírito de Nouvelle Vague, propón unha reflexión íntima sobre o crecemento, a fragilidade e a alegría de vivir.

Bloque curtas 'Saudade'

9 OUTUBRO // 17:30h // Museo MARCO

TAL VEZ O VENTO SAIBA SEU NOME

BRASIL / FICCIÓN / 2024 / 12' ESTREA EN ESPAÑA

DIRECCIÓN: ALEXIS MÜLLER E DUDA MACHADO



Manuela descobre durante o embarazo que foi unha nena roubada durante a ditadura chilena. A súa viaxe de reencontro co pasado traza paralelismos entre Chile e Brasil, explorando as feridas abertas das ditaduras e os seus ecos na democracia actual.

RATIÑA

GALICIA / FICCIÓN / 2025 / 10'

DIRECCIÓN: ALICIA ÚBEDA



Velia, de sete anos, provoca un conflito familiar ao afeitarse unha cella coa navalla da parella do seu pai. O incidente revela a fragilidade da infancia e a incomunicación adulta, mostrando como os nenos son silenciados cando os maiores están centrados nas súas propias loitas.

Bloque curtas ‘Saudade’

9 OUTUBRO // 17:30h // Museo MARCO

NUR SULTAN

GALICIA / DOCUMENTAL / 2025 / 14'

DIRECCIÓN: XOAN ESCUDERO



Nur Sultán é un diario filmado en primeira persoa sobre a capital de Casaquistán e a súa historia cambiante. A través da memoria, a neve e os ecos soviéticos, o filme cuestiona a mirada eurocéntrica e transforma o documental xeográfico nunha busca íntima e persoal.

SILVIO MODESTO CONFIDÊNCIAS DE UM SAMBISTA

BRASIL / DOCUMENTAL / 2024 / 20' ESTRENA EN ESPAÑA

DIRECCIÓN: LUCAS FAZZIO



Silvio Modesto: Samba Confessions homenaxeia a un dos grandes nomes da samba brasileira. A súa vida e obra, ligadas á historia social do Brasil e a figuras como Plínio Marcos, celebran a samba como símbolo de resistencia, identidade e tradición viva.

Longametraxe GALICIA

9 OUTUBRO // 19:00h // Museo MARCO

PREFIRO CONDENARME

GALICIA / DOCUMENTAL / 2024 / 88'



Sagrario, mariscadora da ría de Ferrol, foi xulgada en 1972 por ter unha filla co seu amante, un carpinteiro. Como unha Antígona moderna, desafiaba as normas cunha rebeldía que reivindica o desexo e a liberdade. A súa desobediencia expón a hipocresía dunha sociedade que condea ás de "abaixo" e absolve ás de "arriba". Enfronta unha nai discola e unha familia en caos. No fondo, loita por unha igualdade áinda non recoñecida.

● Festival de Sevilla - Las nuevas olas - mención especial do xurado

● 77 Locarno Film Festival



DIRECCIÓN:
Margarita Ledo



Longametraxe MOZAMBIQUE

10 OUTUBRO // 19:00h // Sede da Deputación Vigo

O ANCORADOURO DO TEMPO

MOZAMBIQUE / FICCIÓN / 2023 / 105' ESTREA EN GALICIA



Nun asilo instalado nunha antiga fortaleza colonial, o director é asasinado e todos confesan o crime. O inspector Izidine descobre que o verdadeiro delito non é o asasinato, senón o que representaba o lugar, convertendo a investigación nunha reflexión sobre xustiza e dignidade.

● DjarFogo International Film Festival Cabo Verde (2024)

● Afrikaldia (2024)



DIRECCIÓN:
Sol de Carvalho



Bloque curtas 'Lembranças'

11 OUTUBRO // 17:30h // Museo MARCO

VÂNDALOS

MOZAMBIQUE / FICCIÓN / 2024 / 13' ESTREA INTERNACIONAL

DIRECCIÓN: MELCHIOR FERREIRA



En Mozambique, Vândalos segue a Lembranço, un mozo estigmatizado que loita por dignidade nunha sociedade que o despreza. A curtametraxe revela talento e esperanza detrás dos prexuízos, retratando a resiliencia dunha mocidade marxinalizada que se nega a desaparecer.

RECORDOS ASOLAGADOS

GALICIA / DOCUMENTAL / 2024 / 15'

DIRECCIÓN: DAVID VÁZQUEZ



En 1963, a construción dun encoro en Chantada asolagou aldeas enteiras e borrou comunidades. Cincuenta anos despois, as obras fan aflorar memorias soterradas, confrontando o discurso oficial do progreso coa dor colectiva dun desprazamento forzado e esquecido.

Bloque curtas ‘Lembranças’

11 OUTUBRO // 17:30h // Museo MARCO

AMANHÃ NÃO DÃO CHUVA

PORTRUGAL / ANIMACIÓN / 2024 / 11'

DIRECCIÓN: MARIA TRIGO TEIXEIRA



Sentindo que a súa nai xa non podería vivir soa, unha muller regresa á casa da súa infancia. Mientras tenta adaptarse á nova situación, a súa nai continúa afastándose.

CURMÁN

GALICIA / FICCIÓN / 2025 / 24'

DIRECCIÓN: ALEJANDRO JATO



Antón viaxa á aldea dos seus avós para recibir a súa primeira comuñón. Alí, mentres celebra coa súa familia este día tan especial, unha nova forma de mirar o mundo que o rodea comezará a tomar forma dentro del, levándoo a vivir unha experiencia que marcará para sempre a súa traxectoria vital como individuo, como primo e como fillo de Deus.

Longametraxe BRASIL

11 OUTUBRO // 19:40h // Cines Tamberlick

O AGENTE SECRETO

BRASIL / FICCIÓN / 2025 / 158' ESTREA EN GALICIA



En 1977, Marcelo, un profesor fuxido do seu pasado, regresa a Recife en plena ditadura brasileira para reencontrarse co seu fillo. A cidade, lonxe de ser refuxio, convértese nun escenario de persecución, demostrando que o pasado sempre atopa o camiño de volta.

- Festival de Cannes premios de Interpretacion Masculina para Wagner Moura e Mellor Director para Kleber Mendonça Filho
- Prêmio FIPRESCI da competicion oficial Prix des Cinémas d'Art et Essai, concedido pola Asociación Francesa de Cinemas de Arte (AFCAE)



DIRECCIÓN:
Kleber Mendonça
Filho





PONTES

Unha selección polas cinematografías contemporáneas de países da comunidade lusófona

PONTES é unha mostra de cinema galego e lusófono, realizada na cidade de Vigo, desde o ano 2021. Este evento busca promover a diversidade cultural presente nos países de lingua portuguesa, incluíndo Brasil, Mozambique, Portugal, Galicia e demais países, a través do cinema.

.Ao longo de cinco sesións de exhibición de filmes, buscamos estreitar lazos entre esas culturas, proporcionándolle ao público galego unha visión más ampla das producións cinematográficas e artísticas desas rexións.

O proxecto presenta unha selección diversificada e criteriosa de filmes que representan a riqueza cultural dos países lusófonos e de Galicia.

ORGANIZA



FINANCIÀ



Deputación
Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA

APOIA



pontes.abella.gal